

# O Arquivo do Hospital de San Antonio da cidade de Betanzos\*

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ\*\*  
CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ\*\*\*

É crecente a preocupación dos historiadores polo estudo das clases marxizadas (1), debido ó peso cualitativo e cuantitativo que éstas tiveron no devir da humanidade. Para estudar a súa vida tivéronse que buscar novas fontes documentais, resultando válido para este obxectivo a consulta dos arquivos parroquiais (2), de cofradías (3), de hospitais e de hospicios (4).

A maioría destas fontes están condicionadas polos seus límites cronolóxicos (que poderíamos situar entre o s. XVI e o primeiro tercio do s. XX) e polos límites xeográficos da comarca onde se asentaban estas institucións.

\* O presente traballo foi presentado no IV Coloquio Galaico-Miñoto, celebrado na cidade de Lugo entre o 24 e o 27 de setembro de 1990. De próxima aparición nas súas Actas, reproducímoloo no Anuario Brigantino, dentro da sección que sobre os arquivos locais se ven publicando nos últimos anos.

\*\* Alfredo Erias é funcionario do Concello de Betanzos e como tal director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

\*\*\* Carlos Fernández Fernández é Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago, fixo a súa tese de licenciatura sobre o Hospital de San Antonio e actualmente é alumno do Doutoramento na dita Universidade.

(1) Entendemos por este término o sector da poboación formado polos diversos grupos de pobres e enfermos, e tamén aqueles que realizaban o seu traballo coas mans, quenos polas características do seu traballo foron considerados inferiores con respecto ás clases altas (nobreza e clero). Por iso, están imposibilitados, ata a chegada da Ilustración, para ocupar certos cargos na sociedade. Ver, DOMINGUEZ ORTIZ, A.: *Carlos III y la España de la Ilustración*. Alianza Editorial, 1ª edición, pp. 115-140, Madrid, 1988. Un exemplo a nivel de Betanzos da polémica entre traballadores manuais e nobres vémosa en GUILLAMÓN ÁLVAREZ, F.J.: "El Concepto de honra legal. En: Estudios sobre el siglo XVIII". *Cuadernos de Historia*. Instituto Jerónimo Zurita. C.S.I.C., pp. 457-491. Madrid 1978.

(2) Empleados por exemplo en: CARASA SOTO, P.: *Pauperismo y Revolución Burguesa (Burgos 1750-1900)*. Biblioteca de Castilla y León. Universidad de Valladolid, 1987. Tamén, CABESTANY, J.F.; CLARAMUNT, S.: "El "plat dels pobres", de la Parroquia de Santa María del Pí de Barcelona (1401-1428)". En RAU, V.; y SAEZ, F.: *A Pobreza e a asistencia dos pobres na Península Ibérica durante a Idade Média*, tomo 1, pp. 157-218. Instituto de Alta Cultura, Centro de Estudios Históricos. Lisboa, 1973.

(3) CARMONA GARCÍA, J. I.: *El sistema de la hospitalidad pública en la Sevilla del Antiguo Régimen*. Diputación de Sevilla, 1982. Na cidade que nos ocupa, acábanse de inventariar os fondos de diferentes cofradías e asociacións relixiosas (un total de 11), que funcionaron entre os anos 1504 e 1966. ERÍAS MARTÍNEZ, A.: "Inventario do Arquivo Parroquial da Igrexa de Santiago de Betanzos, do seu anexo S. Martín de Bravío e das adscritas Capela de S. Roque e Igrexa Conventual de Santo Domingo". En: *Anuario Brigantino*, 12, (1989), 297-310

(4) MAZA ZORRILLA, E.: *Valladolid sus pobres y la respuesta institucional (1750-1900)*. Universidad de Valladolid. Junta de Castilla y León. Valladolid 1985; e ROMÁN PORTAS, L.: *La asistencia social en Galicia: El Hospicio de Pobres de Santiago de Compostela (1860-1900)*. Diputación Provincial de La Coruña 1989.

## 1. INSTITUCIÓNS DE ASISTENCIA SOCIAL EN BETANZOS

A primeira institución da que temos noticia é o *Hospital de Lazarados*, situado no barrio da Magdalena (5). Descoñecemos por completo a data da fundación, así como a persoa que a realiza. Non é imposible, aínda que de momento indemostrable, que fose un dos sete hospitais edificadas, tal como di a tradición, polo cabaleiro de Betanzos Fernán Pérez de Andrade, "O Boo", na segunda metade do s. XIV (6). Tiña varias "casetas" (7) nas que eran recollidos de por vida os enfermos. Era o seu Patrono o Concello, que nomeaba un "Caballero Regidor" para os asuntos a el concernintes. A ríxida política segregacionista levada a cabo con estes enfermos, fai que a lepra perda o seu carácter epidémico no s. XIX, e así o dito hospital está case vacío no ano 1839, albergando só unha enferma (8).

Outras tres institucións aparecen con nome de hospital: *Hospital de San Cristóbal*, *Hospital de San Bartolomé*, e *Hospital da Anunciata*. Quizáis os edificios fosen moi pequenos con respecto ó que o seu nome hoxe indica (9). Non temos noticias sobre o *Hospital de San Bartolomé*. O chamado *Hospital de San Cristóbal*, situábase fronte á portería do convento de San Francisco, nunha casa, coñecida como "*casa de San Cristóbal*" que tiña labrado no dintel da porta unha figura do santo (10); descoñécense datos acerca da súa orixe e fundación. A Xunta Municipal de Beneficiencia, manifesta no ano 1834 que existían varias opinións (11), mentres que posteriormente, no ano 1842, expón de que este hospital sería fundado e xestionado por un particular (12).

O *Hospital da Anunciata* fundouno Vasco García, Rexidor do Concello, no ano

---

(5) A súa bibliografía básica é: MARTÍNEZ SALAZAR, A.: "La Beneficiencia en Betanzos en los siglos XVI, XVII y XVIII". En: *Algunos temas Gallegos*, 2º vol, pp. 252-253. Edición da Real Academia Galega, A Coruña 1981. ARES FARALDO, M.: "Apuntes sobre el Barrio de la Magdalena hace dos siglos", *Anuario Brigantino*, 6, (1983), 39-42 do mesmo autor: "Item más sobre el barrio de la Magdalena", *Anuario Brigantino*, 9, (1986), 37-38. CARRO OTERO, J.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.; GARCÍA CORTÉS, R.: "Reedificación en 1798 de la capilla del antiguo "Hospital de Lazarados", extramuros de la ciudad de Betanzos", *Anuario Brigantino*, 10, (1987), 51-70.

(6) MARTÍNEZ SANTISO, M.: Na súa *Historia de la ciudad de Betanzos*, pp. 246-247, facsímil da edición de 1892, publicado pola Diputación da Coruña no 1987, da como existente o Hospital, en época anterior a Fernán Pérez de Andrade, atribuíndo a éste a mellora das súas instalacións e rendas. Mais o Hospital non existiría antes do 1219, no que xurde a cidade de Betanzos, da que depende para a súa existencia. GARCÍA ORO, J.: "Betanzos en la Baja Edad Media". *Anuario Brigantino*, 7 (1984), 21-32.

A Xunta Municipal de Beneficiencia no s. XIX, nas investigacións previas á desamortización, afirma que o Hospital foi unha "cesión do extinguido Monasterio de San Martín de Santiago". Non podemos dar máis datos, xa que o seu arquivo foi destruído durante a invasión francesa. Arquivo Municipal de Betanzos (AMB), Xuntas de Beneficiencia e Sanidade: "*Expediente en averiguación de establecimientos de Beneficiencia y fundaciones piadosas*", f. 5r, caixa 345

(7) No ano 1798 existían seis. CARRO OTERO, J.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.; GARCÍA CORTÉS, R.: "Reedificación en 1798 ..."

(8) AMB, Xunta de Beneficiencia de Betanzos: "*De varios acuerdos que se celebraron*", f. 3r; Sesión 3 de abril do 1839. Nos anos posteriores, ó estar vacío, as súas rendas desvíanse ó Hospital de San Antonio, pola Xunta de Beneficiencia, para a mellor atención dos enfermos.

(9) GARCÍA ORO, J.: "Hospitales y médicos en Betanzos durante el siglo XVI". *Anuario Brigantino*, 11, (1988), 17-20.

(10) AMB, Xunta Municipal de Beneficiencia. "*Expediente en averiguación...*", f. 25r.

(11) Idem, *Ibidem*.

(12) Idem, *Ibidem* f. 7r.

1545 (13). Nel invírtense as rendas do Hospital de San Cristóbal e do Hospital de San Bartolomé, convertíndose no "gran hospital" de Betanzos (14). Cesa nas súas actividades o 28 de febreiro de 1678, cando o Concello propón ó Arcebispo a creación dun Convento de Monxas (15). Pero quizáis neste peche poidera influir o mal estado do edificio (16).

Ademáis das citadas, existiron en Betanzos outras institucións destinadas ó alivio e socorro dos pobres. Todas elas teñen a súa orixe nas mandas testamentarias dos fundadores. Así, o párroco de Santa María do Azougue, D. Juan de Latas, fundou un *granero público* destinado á axuda dos agricultores pobres. Dona Úrsula Menéndez de Tejeda fundou unha escola para a "*educación de doncellas huérfanas*"; e Dona Juana Díaz de Lemos establece, así mesmo, unha "*fundación para la dotación de doncellas huérfanas*". De todas éstas desaparecieron os seus arquivos durante a Invasión Francesa (17)

## 2. O HOSPITAL DE SAN ANTONIO

Este hospital fundouno D. Antonio Sánchez de Taibo e Vilouzás (18) e a súa muller Dona Estefanía de Valencia y Guzmán, por poder outorgado en Madrid o día 10 de abril do ano 1674.

Neste hospital (19) a asistencia ós enfermos máis que por unha motivación social, levábase a cabo dentro dun marco de *Salvación Eterna*, mediante os oficios celebrados na igrexa asociada ó establecemento. A asistencia ós enfermos tense como unha virtude e como manifestación da misericordia de Deus. O motivo principal da asistencia, non é tanto a devolución da saúde, como o feito de deixar que os homes presen servizo ós demais para así asegurar a salvación das súas propias almas. O hospital é, deste xeito, un lugar de práctica da caridade máis que un lugar de curación (20).

(13) MARTÍNEZ SANTISO, M.: op. cit, p. 324

(14) GARCÍA ORO, J. "Hospitales y Médicos..."

(15) AMB, Xunta de Beneficiencia. "*Expediente en averiguación...*", f. 7r.

(16) Hai noticias do intento das Agustinas Recoletas de cambiar o seu edificio polo Hospital de S. Antonio, co permiso do Bispo, ó pouco tempo de començar a actividade deste. AMB, Arquivo do Hospital de San Antonio (AHSa). "*Libro de Cuentas 1675-1716*", folio 72 v.

(17) Aparte das referencias de MARTÍNEZ SANTISO, M. Na súa *Historia...*, pode consultarse, MARTÍNEZ SALAZAR, A.: op. cit; e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.: "Apuntes sobre instituciones benéficas en Betanzos". *Anuario Brigantino*, 12, (1989) 115-120.

(18) "*Caballero de la orden de Santiago, del Consejo y Contaduría Mayor de Hacienda del Rey Carlos II, Regidor Perpetuo de la Ciudad de Betanzos y La Coruña, natural del Coto de Bergondo*". AMB, AHSa, "*Acta de fundación*", folio 1r e v.

(19) A súa bibliografía básica: MARTÍNEZ SALAZAR, A.: op. cit. GÓMEZ NAVAZA, J. (pseudónimo "Bachiller Hungarelo"): *Fundación del Hospital de San Antonio de Padua*, La Coruña, 1901. ARES FARRALDO, M.: "Introducción a la Historia del Hospital de San Antonio de Padua de Betanzos", *Anuario Brigantino*, 7, (1984), 47-50. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.: "Apuntes médicos sobre el origen y primeros años del Hospital de San Antonio", *Anuario Brigantino*, 8, (1985), 31-36; "Empleos Mayores y Menores del Hospital de San Antonio (Betanzos) 1675-1796". *Anuario Brigantino*, 11 (1988), 21-28. Ata hoxe o estudio máis completo ofrécese en: FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.: *Apuntes para la Historia del Hospital de San Antonio de Padua de la ciudad de Betanzos (1674-1896)*. Tesina de licenciatura na Facultade de Medicina de Santiago, dirixida polo profesor doctor José CARRO OTERO, año 1988, Inédita.

(20) M. COE, R.: *Sociología de la Medicina*. Alianza Universidad. Editorial Alianza. 3ª edición, p. 273, Madrid, 1984.

## 2.1. Fundación

A falta de herdeiros e o principio relixioso de "*hacer un agradable servicio a Dios nuestro Señor*" (21), son os principais motivos que levan a D. Antonio Sánchez de Taibo, a fundar e dotar o hospital. Elixiu a cidade de Betanzos, debido a que "*no hay un hospital dónde se curen sus enfermos ni en la ciudad de La Coruña*" (22). A isto únese, sen dúbida, a proximidade do lugar de nacemento do fundador.

Como Patrono do establecemento noméase ó Arcebispo de Santiago e ós seus sucesores (23). Actúa como Copatrono o Concello, que ve limitadas as súas funcións a realizar unha visita semanal "*para reconocer si en su puntualidad y limpieza y en la curación de los enfermos se pone la atención que tanto importa*" (24). Frente á limitación do poder civil, o estamento relixioso (Arcebispo), ostenta a máxima autoridade ó ter permiso para a reforma de calquer aspecto da fundación, posto que, seguindo as palabras do fundador, no caso de que o Arcebispo e o Cabaleiro Rexidor diferiran nas súas opinións "*se ha de ejecutar el parecer y voto del Sr. Arzobispo*" (25).

O hospital é así unha casa baixo a protección de Deus. Constitúese como unha institución espiritual, baixo a advocación dun santo patrón determinado, dirixida polo Arcebispo, quen nomea ós administradores pertinentes, sendo así múltiples os representantes do estamento eclesiástico na institución.

## 2.2. Edificio e instalacións

O edificio sitúase no lado Oeste da actual *Praza dos Irmáns García Naveira*, coñecida noutros tempos por *Campo da Feira*, *Campo de Agar*, *Plaza de Cassola*, *Plaza de Arines*, ... (26). Poderíamos clasificalo como un hospital de tipo "palaciego" (27), no cal a actividade diaria se realiza arredor dun patrio central.

As obras realízanse segundo os planos do Coengo da Basílica Compostelana D. José Vega y Verdugo e foron contratadas en 801.521 reais polo mestre de cantería Domingo Monteagudo, veciño de Santiago (28). Na súa estrutura destacan as melloras arquitectónicas propias da época: redución na altura, cos servicios xerais na planta baixa e as enfermerías no primeiro piso (a "*Enfermería de Santa Rosa*" para mulleres e a "*Enfermería de San Cosme*" para homes) (29).

Da súa estrutura inicial, consérvanse as paredes exteriores (con máis ou menos alteracións), o claustro e a escaleira de subida ó primeiro piso. As principais reformas lévanse a cabo no ano 1896, cando o Hospital, despois de estar afectado polas leis desamortizadoras, volve ás mans da Igrexa. Descoñecemos o ano no que se constrúe a actual porta de entrada, que da ó Norte. A antiga situábase na fachada que mira á

(21) AHSA; "*Acta de fundación*", folio 2r.

(23) AHSA; "*Acta de fundación*", f. 44v., 45r.

(24) AHSA; "*Acta de fundación*", f. 46v.

(25) AHSA; "*Acta de fundación*", f. 47v.

(26) ERÍAS MARTÍNEZ, A.: "As rúas de Betanzos: Introducción ó seu coñecemento". *Anuario Brigantino*, 8, (1985), 43-76.

(27) Ver voz "Hospital" na Enciclopedia Espasa.

(28) VALES VILLAMARÍN, F.: "Las antiguas rutas jacobeanas en el territorio brigantino". Revista *La Coruña. Paraíso del turismo*. 1975.

(29) V. ZÚÑIGA CISNEROS, M.: *Manual de Historia de los Hospitales*. Revista de la Sociedad Venezolana de Historia de la Medicina, II, 2ª edición, p. 101. Caracas, 1954

actual Praza García Irmáns; no ano 1868 existe un proxecto para a reforma desta porta, que debido a novos plans da Xunta Municipal de Beneficiencia queda en suspenso (30).

### 3. A ADMINISTRACIÓN DO HOSPITAL DE SAN ANTONIO

#### 3.1. Patronato

O Patronato está composto polo Arcebispo e polo Concello, cada un con funcións determinadas pola acta de fundación. O Patrono (Arcebispo) era o que nomeaba as persoas que ían desempeñar os cargos máis importantes do hospital (administrador, capelán, médico, ciruxano) (32), seguindo para elo as cláusulas establecidas na acta de fundación (33). Testemuña desta función son os *nomeamentos* que se conservan dentro da sección de Persoal do arquivo.

O Cabaleiro Rexidor debía deixar informe das súas visitas no "*Libro de visitas*", do que temos algunha testemuña da súa existencia (34). Pero este libro, que sería indispensable para valorar a calidade da asistencia na institución, non está dentro dos fondos que hoxe se conservan no Arquivo Municipal de Betanzos.

Consérvase, nembargantes, documentación sobre os diferentes *pleitos* que afectaron ó Patronato. O primeiro do que temos noticia, ten lugar ó revisar o Cabaleiro Rexidor as contas dos anos 1721–22–23–24, e refírese ós cartos que se pagan polo emprego de capelán a unha persoa que non é o administrador, posto que segundo a acta de fundación os cargos de administrador, maiordomo e capelán, debían recaer nunha soa persoa (35). Pero a sentenza en última instancia foi contraria á acta e ó parecer do Concello e perpetúa a división dos cargos (36).

Outro pleito ocorre no ano 1739 ó negarse o administrador á revisión dos fondos económicos que existían na arca (o arquivo) do hospital (37), da que aínda hoxe se conservan as portas cos retratos dos fundadores no Museo das Mariñas de Betanzos.

#### 3.2. Administrador, maiordomo e capelán

Quizáis fose a persoa máis importante desde o punto de vista da xénese documental, xa que era o encargado de rexir o funcionamento do centro. No momento do seu

---

(30) AMB, Xunta de Beneficiencia. "*Expediente formado para el remate de la demolición de la puerta y construcción de otra con una escalinata para bajar al claustro*", c. 345.

(31) Para outros aspectos consúltese: FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.: "Empleos mayores y menores..."

(32) Ver título de Ciruxano do Hospital de Betanzos expedido polo Arcebispo de Santiago, Bartolomé de Rajoy y Losada, a favor de D. Miguel Soto, publicado por MELJIDE PARDO, A.: "Documentos para la Historia de Betanzos". *Anuario Brigantino*, 8, (1986), 23–30.

(33) Atópase na "*Acta de fundación*", folio, 33v., 34r.

(34) AHSA, "*Defensa del Hospital de San Antonio de la ciudad de Betanzos, de la Libertad de sus Patronos y sus futuros progresos. Que al principal patrono el Ilmo. Sr. D. Bartolomé de Rajoy y Losada, del Consejo de S.M., Arzobispo del Señor Santiago y su Arzobispado. Presenta como la hizo D. Blas Antonio Sánchez de Ulloa. Administrador del mismo hospital, cura propio de aquella ciudad y Juez Eclesiástico en ella*". Impreso, s. l., s. f. AMB.

(35) AHSA, "*Acta de fundación*", f. 27r.

(36) AHSA, "*Libro de Cuentas 1675–1741*", f. 114 e seguintes. atopándose a copia completa da sentenza e argumentos.

(37) Idem, *Ibidem*, folio. 217r.

nomeamento debía ser "clérigo presbitero, antes de que se le dé el nombramiento y posesión y prohibimos al que no lo fuese se le pueda dar el dicho nombramiento..., prohibimos que se pueda dispensar de ello, aunque sea con conocimiento expreso de los Señores Patronos" (38).

O seu traballo consistía na celebración de oficios relixiosos, en número establecido pola acta de fundación (39). Pero tamén tiña unha laboura administrativa, consistente en "llevar un libro de cuentas y razón, con cargo y data de cada partida de por sí, de lo que recibiese y gastase en cada año" (40). Del depende, pois, a serie de **Libros de contas**, que se conserva e abarca a historia do hospital. Estes libros permítenos coñecer datos sobre os salarios do persoal (algunhas veces os nomes dos que desempeñan os cargos), e tódolos gastos derivados do consumo do Hospital. Atopamos nelles os obxectos máis variados, posibilitando a elaboración dunha detallada lista de precios do grao, textiles, alimentos, aprechos, ferramentas, materiais asistenciais, obras e obreiros, etc.

O administrador é tamén o encargado de "tener un libro encuadernado donde se asienten los informes de todos los enfermos que recibiesen con día, mes, año y muerte de cada uno, el cual se ha de reconocer a fin de año y poner la certificación de haberlo visto y despues guardarlo por si pudiese importar" (41). A estes, pertencen os **Libros de entradas e saídas de enfermos**, que rexistran os nomes, apelidos, idade, data de entrada e saída dos enfermos, e no seu caso a data de defunción. Ofrecen datos detalladísimos sobre a roupa e obxectos que levan os enfermos ó entrar no hospital, e do seu destino en caso de morte.

Aínda que o hospital comenza a desenrolar as súas funcións o 15 de xullo de 1675 (42), o primeiro destes libros é elaborado no ano 1746. Existe, polo tanto, un vacío de 71 anos, dos que di o capelán: "no he hallado memoria ni libro donde se hubiesen asentado sus enfermos" (43). Quédanos, polo tanto, como única fonte que nos permite avaliar a asistencia sanitaria nesa etapa escura, a serie de **Libros de defuntos**, que comenza no 1698.

Nos **libros de entradas e saídas de enfermos** case non aparecen relatos patobiográficos individuais: sómente atopamos un, dunha enferma afectada de hidrofobia (44). Nos **libros de defuntos** aparecen dúas historias clínicas, unha relativa a unha cesárea "post-mortem" (45), e outra a un caso de morte por "asfixia" (46).

O administrador é tamén o encargado de administrar os fondos económicos da institución. El debe retirar "cada año de lo efectivamente en el se cobrase la cantidad

---

(38) AHSA, "Acta de fundación". folio 27v, 28r.

(39) Idem, Ibidem, f. 23v.

(40) Idem, Ibidem, f. 34 v.

(41) Idem, Ibidem, f. 35 r.

(42) Idem, "Libro de Cuentas 1675-1741", f. 20v.

(43) Idem, "Libro y memoria de los difuntos que mueren y de aquí en adelante muriesen en este hospital", f. 1r.

(44) CARRO OTERO, J.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.; GARCÍA CORTÉS, R.: "Un caso de hidrofobia en el Hospital de San Antonio de Padua (Betanzos) en 1796". En: *Medicina Galaica*, vol. LXI, 40, (1988), 2-9.

(45) CARRO OTERO, J.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.: 1739: "Un caso de cesárea "post-mortem" en el Hospital de San Antonio de Padua (Betanzos)". *Anuario Brigantino*, 9, (1986), 49-54.

(46) AHSA, "Libro de difuntos...", f. 25 v. á espera dun próximo estudio.

de cincuenta ducados,... los cuales por vía de depósito se pondran en un arca separada que ha de haver en dicho hospital,... y cada tres años... se han de invertir los ciento cincuenta ducados que montan en Juros, Censos y otros cualesquiera bienes que los Sres Patronos elijiesen y juzgasen más seguros" (47). Destas funcións existe unha serie documental complexa que chamamos **Expts. e docs. diversos relativos á administración do Patrimonio**, na que se conservan datos sobre a compra e arrendamento de casas e outras propiedades en Betanzos, A Coruña e Santiago. Tamén se orixinan nestas funcións os que denominamos, **Inventarios e afíns**, e **Libros de pagadores**, xa que moitas destas propiedades eran arrendadas a outras persoas. Nestes libros tamén se sinalaban parte das tarifas que o hospital cobraba por atender ás persoas.

O administrador é o encargado polo fundador de cubrir unha serie de postos de traballo dentro da institución "*Enfermeros (mujer y hombre) y otra según pareciese ... y que estas tres personas se ayuden unas a otras*" (48). Quizáis fose o sector profesional de menos capacitación profesional dentro do hábito hospitalario. A este grupo de persoas o administrador "*Los podrá quitar y despedir... poniendo otros en su lugar, pues para cosas tan cortas y domésticas no parece ser justo embarazar a los Sres. Patronos*" (49). Destas funcións do administrador, quedan algúns contratos dentro da serie **Docs. diversos relativos á administración de persoal**.

Mención aparte e, quizáis un pouco máis extensa, merecen os **Recetarios** que do hospital se conservan. As Constitucións que Felipe IV outorga ao Hospital dos Reis de Granada, no ano 1638, sinalan entre as funcións do médico a de levar libros de enfermos e remedios que a cada un se aplicasen. Estes regulamentos e ordenanzas, atópanse repetidos en moitos hospitais da época (50). Así, consérvanse noutros hospitais libros que levan o diagnóstico e tratamento dos enfermos (51). Os recetarios que se conservan no hospital de San Antonio orixínanse na función do administrador e comprenden unha relación diaria dos remedios utilizados en cada cama. Son unha relación dos medicamentos que o boticario da cidade suministraba ó hospital. Poderíamos dicir que teñen a súa orixe na función de control de gastos que exercía o administrador. Aínda que a acta de fundación falaba da creación dunha praza de boticario no hospital (52) a ausencia de compra de material para a botica e de principios terapéuticos, fainos supoñer que a dita praza non foi nunca cuberta en toda a historia do hospital (53). Polo tanto, estes recetarios son listas dos medicamentos suministrados co fin de control dos gastos e xustificación no caso de revisión de contas polos Patróns.

---

(47) Idem, "*Acta de fundación*", f. 39 r. e v.

(48) Idem, *Ibidem*, f. 30 v.

(49) Idem, *Ibidem*, f. 27 r.

(50) S. GRANJEL, L.: *La medicina española en el siglo XVII*. Ediciones de la Universidad de Salamanca, 1ª edición, p. 109. Salamanca, 1978.

(51) V. CARASA SORO, P.; RODRÍGUEZ DE DIEGO, J.L.: "Estudio del archivo de un Hospital Castellano entre los siglos XVI-XIX. El de Villafranca Montes de Oca (Burgos)". *Estudios Mirandeses*, 1, (1981), 135-151.

(52) AHSA, "*Acta de fundación*", f. 33 v.

(53) FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.: "Empleos mayores y menores..."

#### 4. INVENTARIO DO ARQUIVO DO HOSPITAL DE SAN ANTONIO

O feito de que empezamos por poñer o dígito "2." ó mesmo arquivo débese a que se atopa instalado xunto a outros de Betanzos, sendo o dígito "1." para o Arquivo Municipal. Os fondos arquivísticos que se conservan foron organizados en cinco seccións, atendendo ás grandes funcións que cumpría o hospital. A partir delas (e sen que consideráramos necesario a existencia de subseccións) aparecen xa as series en número de vinte e sete. En conxunto, 48 unidades de instalación.

<i>Código/Sección</i>	<i>Serie</i>	<i>Anos límite/Signatura</i>
<b>2.1. DOCUMENTOS FUNDAMENTAIS</b>		
-Privilexios e reais cédulas		1652-1805 1
-Documentos fundacionais e afíns		1670-1980 2
<b>2.2. PATRIMONIO</b>		
-Expts. e docs. diversos relativos á administración do Patrimonio		1669-1700 3
- " " "		1701-1747 4
- " " "		1749-1792 5
- " " "		1794-1958 6
-Inventarios e afíns		1835-1971 7
-Libros de pagadores		1851-1866 8
<b>2.3. ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA</b>		
-Libros de contas		1685-1756 9
- " " "		1757-1822 10
- " " "		1896-1945 11
-Recibos e facturas		1687-1971 12
- " " "		1785-1926 13
-Relacións de gastos por mes e día		1764-1772 14
- " " "		1772-1787 15
- " " "		1789-1934 16
-Recetarios		1755-1772 17
- " " "		1773-1785 18
- " " "		1789-1933 19
-Nótulas de gasto diario		1784-1800 20
-Borradores de contas presentadas polo administrador ó Arcebispo		1899-1913 21
-Comprobantes de contas presentadas polo Administrador ó Arcebispo		1898-1905 22
- " " "		1906-1915 23
- " " "		1916-1922 24
- " " "		1923-1933 25





O N  
 P H E  
 L I P E

Por la gracia de Dios Rey de Castilla de  
 Leon de aragon de las de sillas de genulale  
 de portugal de navarra de granada de toledo  
 de valencia de galicia de mallorca de sevil  
 de cerdeña de cordova de ceteja de murcia y  
 de xera de las algarues de algecira de gi  
 bralta de las yslas de canaria de las yndias  
 orientales y occidentales y las ytierras fir  
 me del mar oceano Archiduque de austria  
 duque de borbona de brianza de milan code  
 de alipung de flandres duque de barcelona  
 de uenecia de bizcaya de molina &c. A vos  
 el que alido es otuere enmendado oncau  
 daui mayor thesorero onceptor on admi  
 nistrador de la renta de uno y medio porci  
 ento de aplico de pnael continuo de lamone  
 da de uellon de las rentas de puertos secos  
 y diezmos de las mar de castilla de seario de  
 mill y seiscientos y cinquenta y de yao

*Handwritten notes in a cursive script, likely a legal or administrative record, located below the main text. The text is partially obscured and difficult to decipher fully, but appears to contain names and dates.*

Real cédula de Felipe IV concedendo a D<sup>a</sup> Ana de Guzman 300 ducados de renta... 13-V-1652. Arquivo do Hospital de San Antonio.

-Contas presentadas polo Administrador ó Concello	1919-1933	26
- " " "	1939-1971	27
-Contas rendidas polo Arcebispo como copatrono da fundación	1932-1936	28
-Presupostos presentados polo Arcebispo como copatrono da fundación	1933-1944	29
-Libretas de contas	1933-1946	30
-Libretas de contas que presenta o Administrador ó Arcebispo	1935-1942	31

#### 2.4. ENFERMOS

-Libros de defuntos	1698-1924	32
-Libros de entradas e saídas de enfermos	1746-1789	33
- " " "	1764-1888	34
- " " "	1898-1971	35
- " " "	1937-1938	36
-Relacións mensuais de estancias causadas por distintos "individuos"	1842-1966	37
-Relacións de enfermos pobres asistidos	1847-1971	38
- " " "	1903-1915	39
- " " "	1916-1949	40
- " " "	1938-1971	41
-Recibos de altas e baixas de enfermos	1893-1932	42
- " " "	1933-1971	43

#### 2.5. PERSOAL

-Docs. diversos relativos á administración de persoal	1703-1788	44
---	-----------	----

#### 2.6. CORRESPONDENCIA

-Cartas e oficios diversos	1778-1794	45
-Oficios do Concello	1889-1958	46
-Oficios dirixidos á Alcaldía	1895-1899	47
-Docs. do Arcebispado	1896-1938	48

